**Mercedes Queixas Zas, Iago Suárez Fernández** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a urxencia de a Xunta impulsar políticas públicas de vivenda para a mocidade na Coruña.

Asinado o día 21/01/2026 ás
10:15
Por Iago Suárez Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende o Bloque Nacionalista Galego estamos convencidas de que as políticas públicas de vivenda van ser unha peza fundamental para definir a forma en que saímos deste momento de crise en que acceder a unha vivenda se converte nun imposíbel para a maioría social galega.

Un bo exemplo da inacción do PP desde a Xunta, ao longo de dezaseis anos de goberno, en materia de política activa de vivenda pública, vémolo na cidade da Coruña.

A oferta de vivendas en aluguer segue a diminuír na Coruña e os prezos non deixan de subir, o que obriga a cidadanía a dedicar até o 54,12% do salario medio galego, o que fai inviábel garantir o acceso a unha vivenda digna, pois nin sequera ter traballo remunerado garante poder facer un proxecto de vida propio e obriga a ter que compartir vivenda con outras persoas como na etapa estudantil.

Asinado o día 21/01/2026 ás
10:15
Por Mercedes Queixas Zas

Precisamente, un problema que non para de medrar na Coruña é o que está a sufrir a xente moza que vén estudar á nosa cidade.

A Coruña é unha cidade universitaria e resulta inexplícabel que a día de hoxe non conte con oferta de ningunha praza de residencia pública dependente da Xunta, unha das



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

razóns que está a condicionar, cando non impedir, o acceso a estudos profesionais superiores e á formación educativa universitaria que oferta a UDC.

A Xunta asinou o pasado 19 de xuño co Concello da Coruña un acordo mediante o cal este Concello cede 4 parcelas á Xunta, nas que se poderán construír un cento de vivendas públicas,

En resposta escrita a preguntas do BNG, a Xunta indicaba o pasado mes de setembro que "xa están adxudicados os proxectos de Praza Porticada (11 vivendas), Rosais (58 VPP) e, en breve, se adxudicará o de Pedro Fernández".

Unhas cifras que, segundo a Xunta, en total sumarían case un cento de VPP, moi lonxe das máis de 300 vivendas públicas que anunciara o Concello da Coruña no momento da cesión deste solo municipal.

Unha destas parcelas está situada en Xuxán, un barrio de nova construción localizado nunha zona moi próxima ao campus universitario de Elviña, polo que sería moi importante dispor de oferta de vivenda pública de aluguer nesta contorna universitaria.

Insuficiente oferta habitacional de aluguer, incremento de prezos abusivos e ausencia de prazas en residencias universitarias públicas están a conformar un contexto de crise extrema que está a negarlle ao estudantado o acceso a unha vivenda digna e mesmo á educación superior na cidade da Coruña.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Como valora a Xunta que a cidade universitaria da Coruña non dispoña en 2025 de ningunha praza de residencia pública xestionada pola Xunta?



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Que programas de acceso á vivenda pública desenvolveu a Xunta na Coruña nos últimos 15 anos?

- Cales deses programas estiveron centrados en facilitar o acceso á vivenda para a mocidade?

- Que medidas se compromete a desenvolver a Xunta para resolver a situación tan crítica coa que se encontra a mocidade para acceder á vivenda na Coruña? En que prazo?

- Comprométese o goberno a desenvolver unha bolsa de vivenda pública en réxime de aluguer na Coruña destinada ao estudantado de formación superior? En que prazo?

- Comprométese a ofertar prazas en residencias públicas, rehabilitando infraestruturas existentes e creando outras novas en terreos propiedade da Xunta de Galiza? En que prazo?

- Comprométese a reservar unha parte das vivendas que se constrúan nos soares cedidos polo Concello da Coruña á Xunta para ofertalas ao estudantado en réxime de aluguer a prezos asequíbeis?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:17:55
Nº Rexistro: 46972
Data envio: 21/01/2026 10:17:55.761

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 21/01/2026 10:15:41**

**Iago Suárez Fernández na data 21/01/2026 10:15:47**

**Alexandra Fernández Gómez na data 21/01/2026 10:15:56**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:17:55
Nº Rexistro: 46972
Data envio: 21/01/2026 10:17:55.761

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 10:17:56

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:20:49
Nº Rexistro: 46974
Data envio: 21/01/2026 10:20:49.801

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a situación das listas de espera hospitalarias do SERGAS.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As listas de espera do sistema público de saúde galego continúan nunha situación grave que non deixa de empeorar en cada publicación que fai o goberno dos seus datos, a pesar de certas mellorías moi puntuais. Datos que, cómpre sinalar novamente, son parciais, pois non reflicten a situación global ao manter o Partido Popular ocultas as listas de espera non estruturais.

Segundo os datos máis recentes, en xuño de 2024 eran 50.252 persoas as que se atopaban agardando por unha cirurxía e 220.033 as que estaban á espera dunha primeira consulta hospitalaria.

Mais estes datos son absolutamente parciais, pois só responden ás listas de espera estruturais, manténdose na absoluta opacidade os datos correspondentes ás listas de espera non estruturais, a pesar das demandas reiteradas por parte de forzas políticas, sindicais e sociais. Opacidade que tamén soportan as propias doentes incluídas nestas listaxes de espera non estruturais, que non contan con ningún tipo de información acerca da súa situación, incluso a pesar de tamén se ter pronunciado a este respecto a Valedora do Pobo.

Outra fórmula utilizada polo goberno do Partido Popular á hora de xestionar a información das listas de espera é o feito de que cada vez son máis as pacientes que non



Asinado o día 21/01/2026 ás 10:20
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 21/01/2026 ás 10:20
Por Iria Carreira Pazos

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:20:49
Nº Rexistro: 46974
Data envio: 21/01/2026 10:20:49.801

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

reciben unha data e hora para a realización dunha proba ou consulta, senón que fican pendentes dunha chamada telefónica para que se lles sexa adxudicada esta cita. Deste xeito, miles de pacientes están pendentes do teléfono para poderen recibir esa cita, vulnerando o seu dereito á información e sen permitirlles unha debida planificación.

Cómpre ter presente ademais, que tampouco se fan públicos os datos referentes á segundas e sucesivas consultas hospitalarias, sendo frecuente que nestes casos non se respecten os períodos estipulados polas facultativas baixo criterios clínicos, sendo moitas as pacientes pendentes de revisións que agardan máis tempo do que lles corresponde.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª:

Cantas son as pacientes que están a día de hoxe nunha lista de espera non estrutural no sistema sanitario público galego?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:20:49
Nº Rexistro: 46974
Data envío: 21/01/2026 10:20:49.801

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Carreira Pazos na data 21/01/2026 10:20:07**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/01/2026 10:20:14**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:20:49
Nº Rexistro: 46974
Data envio: 21/01/2026 10:20:49.801

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 10:20:50**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:25:53
Nº Rexistro: 46976
Data envío: 21/01/2026 10:25:53.142

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 21/01/2
10:25
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 21/01/2026 ás
10:25
Por Paulo Ríos Santomé

Asinado o día 21/01/2026 ás
10:25
Por Óscar Insua Lema

**Á Mesa do Parlamento**

**Oscar Insua Lema, Paulo Ríos Santomé e Luis Bará Torres,** deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª,** solicitando melloras de seguridade viaria na travesía urbana de Corcubión e na Amarela (AC-445).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A estrada AC-445 constitúe unha das principais vías de comunicación da comarca de Fisterra. Non obstante, presenta graves deficiencias en termos de seguridade viaria ao seu paso polo municipio de Corcubión, especialmente na travesía, no tramo que cruza o núcleo urbano e no lugar da Amarela, antes de chegar a Estorde.

Nos últimos anos téñense producido varios atropelos, algúns deles con consecuencias moi graves, como o desta semana, onde falecía un viandante ao cruzar no inicio da travesía. A veciñanza leva tempo reclamando medidas que contribúan a reducir a velocidade dos vehículos e a mellorar a seguridade dos peóns. A configuración actual da vía, cun tránsito elevado que non existe no verán e con escasos elementos de acougado de tráfico, contribúe a situacións de risco permanente, pois son moitos os veciños e veciñas que ven cruzar os vehículos a gran velocidade pola mesma travesía, sobre todo á noite cando existe menos visibilidade, a pesar de ter pasos de peóns iluminados.

Situación similar padece a veciñanza da Amarela en todo o tramo que atravesa o lugar, ao non dispoñer dun paso de peóns para cruzar a estrada, o cal está limitado a 50Km/h, mais os vehículos circulan a velocidades superiores, polo que é preciso establecer un paso de peóns, como xa se ten reclamado en Estorde (Cee), ou na Anchoa



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:25:53
Nº Rexistro: 46976
Data envio: 21/01/2026 10:25:53.142

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

(Fisterra), lugar este último onde si se puxeron despois de que un veciño fisterrán perdera a vida cruzando a vía.

No Plan de seguridade viaria 2022-25 publicado pola Xunta de Galiza, pódense observar os datos da evolución da sinistralidade na Rede Autonómica galega, e no apartado de atropelos e vítimas segundo a vía, observase que a maior parte dos atropelos prodúcense nas travesías e non nas estradas, existindo no ano 2024, sesenta accidentes nas travesías, dos cales tres foron mortais, dez graves e cincuenta leves. Un dos grandes retos deste plan é reducir nun 25% o número de peóns atropelados nas vías urbanas e travesías, e para conseguir iso establécense varios retos e medidas acordes aos mesmos.

Urxe, por tanto, que a administración competente —neste caso, a Xunta de Galiza a través da Axencia Galega de Infraestruturas— leve a cabo actuacións inmediatas para mellorar a seguridade na zona urbana de Corcubión pola que discorre a AC-445 e no lugar da Amarela

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

-Considera o goberno galego que a situación actual na estrada AC-445 ao seu paso polo municipio de Corcubión, é a axeitada para garantir a seguridade viaria e peonil?

-Considera o goberno galego que é necesario que faleza por atropelo unha persoa para adoptar as medidas de seguridade que se están reclamando?

- Ten pensado adoptar a Xunta de Galiza algunha medida de xeito inmediato nesta estrada para mellorar a seguridade viaria e peonil nestes tramos e nos outros que xa trouxemos ao parlamento? Que tipo de medidas?

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Cal é o método que recomenda o goberno galego á veciñanza da Amarela que vive a ambas marxes da estrada para ir tirar o lixo aos contedores? Como cree que deben facer como alternativa ao cruce da estrada?

- Cal é o motivo polo que a Axencia Galega de Infraestruturas non establece lombos redutores de velocidade na travesía de Corcubión? considera que existen outras medidas máis eficaces? cales?

- Considera o goberno galego que a situación actual da AC-445 ao seu paso por Amarela (Corcubión) garante a seguridade viaria e peonil?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:25:53
Nº Rexistro: 46976
Data envio: 21/01/2026 10:25:53.142

**Asinado dixitalmente por:**

**Óscar Insua Lema na data 21/01/2026 10:25:05**

**Paulo Ríos Santomé na data 21/01/2026 10:25:15**

**Luis Bará Torres na data 21/01/2026 10:25:24**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:25:53
Nº Rexistro: 46976
Data envio: 21/01/2026 10:25:53.142

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 10:25:54**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:29:31
Nº Rexistro: 46977
Data envio: 21/01/2026 10:29:31.448

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Paulo Ríos Santomé** e **Luís Bará Torres**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de garantir a seguridade e a suficiencia de prazas no servizo público de transporte por estrada.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O transporte colectivo debe xogar un papel fundamental na Galiza do futuro. É necesario poñer o transporte público, tanto por estrada como por ferrocarril, ao servizo da pobo galego e ao servizo da vertebración do noso territorio nacional.

Hoxe entendemos os múltiples beneficios que ten gozar dun servizo de transporte público, reducir así o uso do transporte privado e, polo tanto, rebaixar as emisións de gases contaminantes axudando na loita contra o cambio climático.

Alén desta cuestión, o transporte público e unha mobilidade moderna, áxil e útil para o pobo galego debe ser vista coma un dereito e como un elemento vertebrador e democratizador da nosa sociedade.

Coa chegada do Plan de Trasporte da Xunta de Galiza, foron moitas as queixas e os incumprimentos de contrato, tales como atrasos inxustificados, superación da idade máxima nos vehículos incluídos nas licitacións, falta de vehículos, falta de prazas etc.

Son moitas tamén as usuarias e usuarios que están a sufrir os efectos destes incumprimentos e irregularidades, sendo un deles a falta de prazas nos vehículos o que

Asinado o día 21/01/2026 ás 10:29
Por Luís Bará Torres

Asinado o día 21/01/2026 ás 10:29
Por Paulo Ríos Santomé

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:29:31
Nº Rexistro: 46977
Data envio: 21/01/2026 10:29:31.448

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

obriga a viaxar de pé a un número importante de persoas, o que conleva molestias evidentes e mesmo pode supoñer un risco para a seguridade dos pasaxeiros e pasaxeiras.

A Xunta de Galiza ten manifestado que cumpre a lei no relativo á posibilidade de realizar a viaxe de pé sempre que sexan traxectos curtos e non se superen os 80km/h, así como que estes traxectos non sexan realizados por autoestradas ou autovías.

Se ben, a lei referida, é unha lei do ano 2003, polo que se debera elaborar unha lei propia que regule este tipo de situacións dun xeito adaptado á realidade actual, os usuarios e usuarias están a informar que estes condicionantes que permite a lei non se están a cumprir.

Son moitos casos onde estes desprazamentos con xente de pé nos vehículos está a ser realizada en vías non permitidas e non sempre cumprindo a velocidade máxima fixada.

A Xunta de Galiza non pode ampararse nunha lexislación obsoleta, que nin sequera cumpre en moitos casos, para tapar a falta de prazas e vehículos nas liñas de transporte que están a sufrir estes problemas.

Desde o BNG entendemos que non se trata dunha cuestión puntual nin conxuntural, polo que require unha atención e solucións reais para atallar esta problemática.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

. Considera a Xunta de Galiza que existe un problema de suficiencia de prazas e de seguridade para os usuarios e usuarias do servizo público de transporte de Galiza?



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

. Considera a Xunta de Galiza que a seguridade está garantida cando os pasaxeiros e pasaxeiras teñen que viaxar de pé nos autobuses que percorren autopistas e autovías?

. “Que medidas vai adoptar a Xunta de Galiza para garantir a suficiencia de prazas e a seguridade dos pasaxeiros e pasaxeiras no servizo de transporte público por estrada?.”

. Cal é o motivo, e cales as accións que vai desenvolver a Xunta de Galiza, que explique a non suficiencia de prazas no servizo público de transporte por estrada?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:29:31
Nº Rexistro: 46977
Data envio: 21/01/2026 10:29:31.448

**Asinado dixitalmente por:**

**Paulo Ríos Santomé na data 21/01/2026 10:29:03**

**Luis Bará Torres na data 21/01/2026 10:29:10**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:29:31
Nº Rexistro: 46977
Data envio: 21/01/2026 10:29:31.448

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 10:29:32**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:32:03
Nº Rexistro: 46978
Data envío: 21/01/2026 10:32:03.199

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 21/01/2 10:26
Por María Montserrat

**Á Mesa do Parlamento**

**Montserrat Valcárcel Armesto, Olalla Rodil Fernández** e **Montserrat Prado Cores**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a perda de nutricionistas no SERGAS na provincia de Lugo.

Asinado o día 21/01/2026 ás 10:26
Por Olalla Rodil Fernández

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O filósofo e antropólogo Ludwig Feuerbach xa o tiña claro en 1950, cando incluíu no seu traballo 'Ensinanza da alimentación' a frase "somos o que comemos". A ciencia deulle a razón a Feuerbach e por iso temos que "aprender a comer".

Instaurar e manter uns hábitos de vida saudables é imprescindible para acadar e conservar un bo estado de saúde, físico, mental e emocional, ao marxe de manternos nun peso saudable. Realmente, o importante non son as cifras que marcan o noso peso, senón o noso estado nutricional. Podemos estar nun normopeso, pero nutricionalmente non estar sanas ao ter carencias de nutrientes na nosa inxesta diaria. A poboación é importante que tome mais conciencia, co que se fai fundamental coidar a nosa saúde antes de que apareza unha patoloxía.

Asinado o día 21/01/2026 ás 10:26
Por Montserrat Valcárcel Armesto

Galiza é a segunda comunidade mais envellecida de España, superada só por Asturias, segundo os últimos datos publicados polo INE (Instituto Nacional de Estadística) referidos a 2023. A comunidade galega ten unha taxa do 218%, é dicir, contabilízanse 218 persoas maiores de 64 anos por cada 100 menores de 16.

E, se falamos de Lugo as cifras son aínda peores, a provincia de Lugo é a terceira máis envellecida de España. E, se nos vamos a concellos como Navia de

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Suarna, Pedrafita ou Cervantes superase a idade de 60 anos e noutros 34 concellos os mozos menores de 20 non representan nin o 10% do total da poboación.

E, nunha poboación envellecida, é fundamental o envellecemento saudable a través da alimentación. Para iso precísase ter un apoio de profesionais da saúde que orienten e asesoren a todas e cada unha das persoas, pero principalmente a nosa poboación de maior idade e as nosas crianzas. Entón, a figura do nutricionista na Seguridade Social faise unha gran ferramenta fundamental para que toda a poboación poda cambiar os seus hábitos alimenticios.

Dito isto, o 4 de febreiro na prensa aparecía unha noticia na que as nutricionistas dos centros de saúde recordan que, a partir de marzo, deixarán de ser quince na provincia de Lugo para exercer só seis, algo que consideramos de gravidade desde o grupo parlamentar do BNG.

O Sergas creou fai dous anos, a categoría de nutricionista en Atención Primaria que, ate agora, non existía nese nivel asistencial. Son postos creados con fondos europeos e todos os profesionais que os ocupan cesarán o próximo 28 de febreiro. A partir dese momento crearanse unha serie de vacantes, pero reducidas en toda Galiza a metade, pasando de 94 a 45, e no caso da provincia de Lugo a redución é maior, pasando de 15 a 6 prazas.

Con esta redución farase unha redución dos días de consulta en cada centro de saúde para dar cobertura a todos, xerando así largas listas de espera para poder ser atendidos e reducindo tempos de consulta, o que suporá un empeoramento da calidade asistencial.

Estas nutricionistas tamén se lamentan que non hai información oficial pese a que este mesmo mes se acaban os seus contratos e que todo o van sabendo polos sindicatos tralas reunións da mesa sectorial.



CSV: BOPGDSPG-193prCQyI-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Que ten pensado facer a Xunta de Galiza para paliar o problema que vai supoñer a perda de nutricionistas na Seguridade Social na provincia de Lugo?

Porque non se informou axeitadamente aos profesionais nutricionistas que están exercendo a súa labor de que van a quedar sen contratos a final do mes de febreiro?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:32:03
Nº Rexistro: 46978
Data envio: 21/01/2026 10:32:03.199

**Asinado dixitalmente por:**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 21/01/2026 10:26:00**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/01/2026 10:26:06**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/01/2026 10:26:19**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:32:03
Nº Rexistro: 46978
Data envio: 21/01/2026 10:32:03.199

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 10:32:04**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:41:16
Nº Rexistro: 46979
Data envio: 21/01/2026 10:41:16.546

Asinado o día 21/01/2026 ás 10:38
Por María Montserrat

## Á Mesa do Parlamento

**Secundino Fernández Fernández, Iria Carreira Pazos** e **Montserrat Prado Cores,** deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a a falla de persoal médico en varias especialidades no hospital de Verín e as elevadas listas de agarda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A situación sanitaria de Galiza é grave. Verín non é alleo a esta situación, máis ben estamos peor. O Hospital de Verín parece que está a chegar a unha situación límite e a cidadanía ten que estar dia si e día tamén recibindo novas de continuos atrasos nas citas das consultas de especialistas

A esta situación engádese un problema grave que é a distancia a cidade de Ourense a onde son derivados os usuarios da sanidade pública, no mellor dos casos. Non fai falla que lles diga os km que hai dende calquera concello do distrito ou o tempo que leva ou a falla de transporte públicos.

Lembremos que ao hospital de Verín e ao seu distrito sanitario teñen que ir as veciñas e veciños dunha ampla área xeográfica que vai dende Viana do Bolo até Cualedro, que abrangue 12 concellos e máis de 25000 habitantes, nunhas distancias que van mais alá dos 50 km dende os puntos mais lonxe do hospital; e todo isto repartido nunha superficie duns 1700 Km2

Xa fai un tempo ao BNG estannos chegando numerosas queixas de falla de especialistas médicos co agravante de que este reiterado déficit de persoal leva consigo unha incremento na demora da atención sanitaria neste hospital público do SERGAS.

Asinado o día 21/01/2026 ás 10:38
Por Iria Carreira Pazos

Asinado o día 21/01/2026 ás 10:38
Por Secundino Fernández Fernández

CSV: BOPGDSPG-193prCQyI-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:41:16
Nº Rexistro: 46979
Data envio: 21/01/2026 10:41:16.546

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Estas queixas cada vez fanse máis numerosas e continuas e agudízase en determinadas especialidades como dermatoloxía, oftalmoloxía, neumoloxía ou cardioloxía.

Ante este despropósito dende o Bloque Nacionalista Galego e ante a fonda preocupación existente na veciñanza do distrito sanitario de Verín esiximos a Xunta de Galiza que se cubran dun xeito urxente todas as prazas de médicos especialistas que están vacantes

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

1. Cantas prazas de médicos especialistas existen no hospital publico de Verín?

2. Cantas prazas de médicos especialistas están vacantes no hospital publico de Verín?

3. Cantas prazas de médicos especialistas en dermatoloxía existen no hospital publico de Verín, cantas están vacantes e cantas cubertas?

4. Cantas prazas de médicos especialistas en oftalmoloxía existen no hospital publico de Verín, cantas están vacantes e cantas cubertas?

5. Cantas prazas de médicos especialistas en cardioloxía existen no hospital publico de Verín, cantas están vacantes e cantas cubertas?

6. Cantas prazas de médicos especialistas en neuroloxía existen no hospital publico de Verín, cantas están vacantes e cantas cubertas?

7. Sr Conselleiro de Sanidade da Xunta de Galiza que explicación ten esta situación?

8. Teñen previsto algunha medida concreta para solucionar este grave problema de falla de profesionais no hospital de Verín?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:41:16
Nº Rexistro: 46979
Data envio: 21/01/2026 10:41:16.546

Asinado dixitalmente por:

Secundino Fernández Fernández na data 21/01/2026 10:38:33

Iria Carreira Pazos na data 21/01/2026 10:38:43

María Montserrat Prado Cores na data 21/01/2026 10:38:50

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:41:16
Nº Rexistro: 46979
Data envio: 21/01/2026 10:41:16.546

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 10:41:17**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:43:58
Nº Rexistro: 46980
Data envío: 21/01/2026 10:43:58.446

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Mercedes Queixas Zas** e **Olalla Rodil Fernández,** deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a urxencia de a Xunta reestabelecer o servizo médico completo no centro de saúde de Irixoa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A veciñanza do concello de Irixoa continúa a sufrir as consecuencias do desmantelamento continuado da sanidade pública dirixido polo Partido Popular no conxunto do noso país.

Este concello das Mariñas contaba cun centro sanitario cun único profesional de medicina familiar e na actualidade volve estar sen facultativo dispoñíbel no centro de saúde.

Nos últimos meses as pacientes que acudían ao centro de saúde de Irixoa comprobaban en primeira persoa o total abandono por parte da Xunta: a consulta médica só atendía en días indeterminados e con horarios reducidos que non superaban as tres horas durante a mañá.

Esta situación, lonxe de se ir resolvendo por parte do goberno, avanza na desatención: nesta altura é imposíbel acceder a unha cita de medicina familiar antes dunha semana e só en horario de 8 a 10 da mañá.

Atopar unha cadeira baleira na consulta médica obriga os veciños e veciñas de Irixoa a se desprazaren a Betanzos, coa afectación que isto supón para a propia saúde



Asinado o día 21/01/2026 ás 10:43
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 21/01/2026 ás 10:43
Por Mercedes Queixas Zas

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:43:58
Nº Rexistro: 46980
Data envio: 21/01/2026 10:43:58.446

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

das pacientes e mais co problema engadido de obrigar a dispor dun medio de desprazamento privado.

A veciñanza de Irixoa non atopa resposta ante o abandono da Xunta; un sentimento que partillamos desde o BNG quen, asemade, comproba máis unha vez a falta de decoro e respecto do PP pola cámara galega ao non ter respondido ás preguntas rexistradas o pasado 11 de novembro de 2024.

Á vista de que esta desatención da saúde vai en aumento, os veciños e veciñas de Irixoa trasládannos de novo ao grupo parlamentario do BNG unha preocupación que tamén medra polo desamparo que supón a perda continuada de acceso á sanidade pública de proximidade á que teñen dereito.

Desde o grupo parlamentario do BNG esiximos unha resposta por parte do goberno da Xunta

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Por que lle nega o PP á poboación de Betanzos e á comarca das Mariñas un centro de día público?

- Pensa o goberno galego que as prazas dispoñíbeis no centro de día de Miño e Curtis abondan para daren servizo a toda a comarca das Mariñas? Que datos sustentan a súa valoración?

- Que solución alternativa lle ofrece o PP á veciñanza de Betanzos e a comarca das Mariñas para garantir o dereito aos coidado das persoas maiores e dependentes?



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai iniciar a Xunta as xestións para reclamarlle ao goberno do Estado a cesión do antigo ambulatorio e o seu acondicionamento como Centro de día público, conforme o acordo unánime do pleno municipal de Betanzos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:43:58
Nº Rexistro: 46980
Data envio: 21/01/2026 10:43:58.446

**Asinado dixitalmente por:**

**Mercedes Queixas Zas na data 21/01/2026 10:43:41**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/01/2026 10:43:47**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:43:58
Nº Rexistro: 46980
Data envio: 21/01/2026 10:43:58.446

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 10:43:59

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:48:39
Nº Rexistro: 46981
Data envío: 21/01/2026 10:48:39.037

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Oscar Insua Lema** e **Montserrat Prado Cores**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a eliminación dos servizos sanitarios de pediatría no centro de saúde de Carnota.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dende 2024 e xa vai case un ano, os pais e nais de Carnota veñen denunciando a falla do servizo médico de pediatría no seu municipio, sen que a día de hoxe se cubrira dita praza pola consellería de sanidade do Partido Popular, que está compartida co concello de Muros e que acodía ao mesmo os luns, mércores e venres de 8,30 a 12,00 hs. A situación lonxe de solucionarse, agravouse, ao coñecer esta semana pasada un novo recorte nos servizos sanitarios, xa que agora acaban de quedar sen enfermería pediátrica dende o 10 de marzo, que atendía as revisións de idade, curas e vacinas dos nenos e nenas en idade infantil.

Estes pais enviaron cartas ao conselleiro de sanidade, reclamándolle que se cubrira a baixa de longa duración da praza de pediatría, cuxo titular desprazábase ao centro de saúde de Carnota, xa que o resto da xornada a desenvolve en Muros, onde existe outro facultativo de pediatría. A contestación da Consellería foi a seguinte:

"Para a optimización dos recursos, nos centros de saúde estase asignando a citación non urxente dos nenos menores de 3 anos no cupo do pediatra máis próximo xeograficamente, e os maiores desa idade son valorados en primeira instancia por un médico de atención primaria para determinar as accións correspondentes"



Asinado o día 21/01/2026 ás 10:48
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 21/01/2026 ás 10:48
Por Óscar Insua Lema

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:48:39
Nº Rexistro: 46981
Data envio: 21/01/2026 10:48:39.037

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O pediatra é un profesional altamente capacitado e especializado que ten a responsabilidade de velar pola saúde integral d@s recén nacid@s, d@s nen@s e adolescentes ata os 14 anos. Os coñecementos e a experiencia que posúe un pediatra son relevantes no primeiro diagnóstico, polo que non é axeitado nin o máis indicado que o Sergas elimine o primeiro cribado a partir de tres anos nos nenos e nenas de Carnota.

Os Protocolos diagnósticos e terapéuticos en Urxencias de Pediatría elaborado pola Asociación Española de Pediatría e pola Sociedade Española de Urxencias de Pediatría establecen que "a triaxe significa ordenar ou clasificar aos pacientes para recibir tratamento e é un proceso imprescindible para o correcto funcionamento dun Servizo de Urxencias, dado que organiza o fluxo de doentes asegurando que os máis urxentes sexan atendidos antes. Trátase dun procedemento realizado xeralmente en poucos minutos e con pouca información, pero ten unha repercusión crítica na atención aos pacientes e no funcionamento xeral do servizo, **polo que esixe persoal especificamente formado** (na sistemática de clasificación, con coñecemento do servizo e con determinadas calidades), unha ferramenta de clasificación validada (escalas de 5 niveis) e unha estrutura física e organizativa determinadas. O proceso, en xeral, debe incluír unha valoración do estado xeral (idealmente o Triángulo de Avaliación Pediátrica), unha breve anamnesis que identifique o motivo de consulta de maior prioridade, factores de risco persoais (idade, enfermidades de base) e unha serie de determinantes que poden cambiar a prioridade (dor, constantes, mecanismo traumatolóxico, etc.). A existencia dunha sistemática de triaxe é un dos requisitos de calidade esixidos polos estándares internacionais de calidade e debe incluírse como parte esencial dun servizo de Urxencias hospitalario"

A Consellería de Sanidade está actuando en contra dos estándares internacionais de calidade, privando dunha atención médica pediátrica aceptable no concello de Carnota, obrigando aos pais e nais a desprazarse ao concello de Muros cando os rapaces son menores de tres anos, saturando e retrasando a atención nese centro de



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

saúde, que cun só pediatra ten que atender aos nenos que atendían antes dous facultativos. Están privando dun médico especialista aos nenos de 4 a 14 anos, que teñen que ser atendidos por un médico de primaria ao que nin tan sequera se lle esixe unha formación específica en pediatría. E por último, por se non chegara, acaban de eliminar a praza de enfermería pediátrica que estaba no centro de saúde do concello carnotán, agravando a situación de precaridade xa existente.

Os problemas estruturais, non se resolven con máis recortes, como está a acontecer neste caso, senón con máis medios e coa previsión axeitada a longo prazo, medidas que brillan pola ausencia nas políticas do Sergas, que veladamente aniquila a sanidade pública para fomentar a utilización da sanidade privada. Si existen clínicas con pediatras no sector privado, entón o problema non está na falla de pediatras, senón na carencia de planificación da Consellería de sanidade, que ou non adopta as disposicións adecuadas ou erra constantemente nas súas decisións.

Os pais e nais de Carnota demandan unha sanidade pública e de calidade, polo que é necesario dar unha solución satisfactoria que pasa pola cobertura inmediata da praza de pediatría e de enfermería pediátrica no centro de saúde da localidade. O artigo 48 da lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galiza, que regula as “Medidas de protección da saúde infantil nos recursos e servizos de conciliación” quedan en papel mollado, cando a actuación da consellería é contraria ao recollido en dita lei, e cando o que realmente favorece é o éxodo rural e a despoboación dos pequenos concellos a favor das cidades.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Vai o SERGAS a cubrir a praza de difícil cobertura de pediatría no centro de saúde de Carnota de forma urxente?  e a praza de enfermería pediátrica?

- Que medidas se están a tomar no centro de saúde de Muros, respecto de pediatría, para evitar a saturación do servizo, ao ser un só pediatra o que está a prestar o servizo para os dous concellos?

- Cre o goberno galego que é recomendable que os nenos e nenas de mais de tres anos sexan atendidos polo médico de primaria en Carnota? Considera que se están a cumprir os protocolos aprobados polas autoridades sanitarias?

- Que opinión lle merece que o número de nacementos no concello de Carnota descendera a máis da metade dende o ano 2009 (33 nacementos) ata o ano 2023 (16 nacementos)? considera que ten relación cos recortes nos servizos sanitarios pediátricos que leva a cabo o goberno do PP dende que goberna na Xunta de Galiza?

- Cree o goberno galego que os recortes sanitarios que se están executando no concello de Carnota impulsan a súa demografía? Está o SERGAS a cumprir o disposto na lei 5/2021, de 2 de febreiro, de impulso demográfico de Galiza?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:48:39
Nº Rexistro: 46981
Data envío: 21/01/2026 10:48:39.037

Asinado dixitalmente por:

Óscar Insua Lema na data 21/01/2026 10:48:19

María Montserrat Prado Cores na data 21/01/2026 10:48:26

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 10:48:39
Nº Rexistro: 46981
Data envio: 21/01/2026 10:48:39.037

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 10:48:40**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 11:10:15
Nº Rexistro: 46984
Data envio: 21/01/2026 11:10:15.858

PARLAMENTO DE GALICIA

Á Mesa do Parlamento

**Patricia García González, Miguel Fidalgo Iglesias, Paula Mouzo Mas, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Moisés Rodríguez Pérez, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa,** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

A frota galega está sometida a estritas normas autonómicas e estatais que regulan os períodos de descanso e parada técnica, co obxectivo de garantir a sostibilidade dos recursos mariños e o equilibrio ambiental dos caladoiros. Estas medidas, aínda que necesarias, implican un esforzo económico importante para os nosos armadores e tripulacións, xa que supoñen paradas obrigatorias de 48 horas á semana ou descansos similares que afectan á súa rendibilidade. Porén, mentres a frota galega cumpre con estas obrigas, buques doutros territorios e de outros países seguen faenando nos mesmos caladoiros, xerando unha evidente situación de competencia desleal. Esta realidade prexudica á frota galega e compromete a eficacia das medidas de conservación, que só son útiles se se aplican a todos os operadores por igual. Cómpre, polo tanto, que a Xunta de Galicia esixa ao Goberno de España e á Comisión Europea que adopten medidas inmediatas para que os descansos obrigatorios que se aplican á frota galega sexan tamén de obrigado cumprimento para calquera frota que opere en augas compartidas.

Por todo o exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

1. Que medidas ten previsto adoptar a Xunta de Galicia para garantir que os períodos de veda e descanso obrigatorios para a frota galega sexan tamén respectados por arrastreiros e palangreiros doutros territorios que operan en caladoiros compartidos, evitando así a competencia desleal e a desigualdade de condicións que sofren os nosos mariñeiros?

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2026

Asinado o día 21/01/2026 ás 11:07 Por Paula Mouzo Mas
Asinado o día 21/01/2026 ás 11:07 Por Patricia García González
Asinado o día 21/01/2026 ás 11:07 Por Miguel Fidalgo Iglesias
Millares
Por Dolores Hermelo Piñeiro
CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510
gp-pp@parlamentodegalicia.gal
@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 11:10:15
Nº Rexistro: 46984
Data envio: 21/01/2026 11:10:15.858

Asinado dixitalmente por:

Miguel Fidalgo Iglesias na data 21/01/2026 11:07:17
Patricia García González na data 21/01/2026 11:07:46
Paula Mouzo Mas na data 21/01/2026 11:07:54
Jesús María Fernández Rosende na data 21/01/2026 11:08:07
Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2026 11:08:12
Esta modificación carece de xustificación dende o punto de vista ambiental, social e legal. Para comezar, as fichas de catalogación da aprobación inicial e provisoria son as mesmas. Dentro dos Criterios Ambientais e de Integración a ficha establece para esta Unidade Ambiental, entre outras:

*ESPAZOS DE INTERESE E DETERMINACIÓN*S

*1. Integrar no sistema de EL o contorno das Regueiras e humidais de Fontes Pertegueiras, así como as masas arboradas autóctonas asociadas*

*2. Integrar no sistema de EL as masas arboradas da Barroca*

*3. Integrar, na medida do posible, as árbores maduras existentes nas zonas libres de edificación ou dos equipamentos. ...*

*INTEGRACIÓN PAISAXÍSTICA/VISIBILIDADE. CONDICIÓNS PARA O ESTUDO DA PAISAXE URBANA ESPECÍFICA*

*1. Mellora ambiental e paisaxística POL: Estudar a incorporación á ordenación de servizos e dotacións ás praias e redes de mobilidade alternativa.*

Tamén no Estudo Ambiental Estratéxico do PXOM recóllese un apartado relativo ao Esteiro do Lagares que di o seguinte:

*Tamén se inclúe no espazo de interese a pequena regueira de Navia, corredor ecolóxico delimitado no POL que conserva aínda unha interesante mostra de bosque húmido (probablemente se trate do hábitat de interese*



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

*comunitario 91E0), ligada ao curso baixo do río, así como os espazos costeiros con destacados valores naturais e paisaxísticos.*

E no POL recóllese explícitamente o seguinte:

*No interior, como unha illa no marasmo urbanístico-residencial, aparece unha alongada masa arborizada mixta con importancia das frondosas autóctonas, entre As Pertegueiras e Samil, a ambos os dous lados da Avenida de Europa; ademais doutra similar, na Barroca, tamén a ambos os dous lados desta vía principal de comunicación. Son formacións que presentan certo carácter ripícola (91E0) nun lugar horizontal con afloramento hídrico estacional.*

A pesar de todo isto, non se contempla ningunha indicación ao respecto na aprobación definitiva e se promove a ocupación da contorna con viais e un equipamento que supoñen unha grave afección para a carballeira e o ecosistema que se quere protexer.

Distintos estudos técnicos solicitados polo veciños conclúen que a intervención prevista na nova modificación é incompatible coa *"conservación do rego da Barxa, das zonas húmedas e dos hábitats asociados neste ámbito, tanto por destrución directa como por causa das afeccións e impactos sobre o sistema acuífero do que dependen."*

Ademais disto, tampouco se tivo en conta para mudar a súa clasificación, o impacto que terá a eliminación desta masa arbórea na absorción de $CO_2$, na saúde das persoas e na calidade do solo, nunha zona de alta densidade edificatoria en proceso de expansión.

Dende o punto de vista urbanístico tamén resulta cuestionable a eliminación dun espazo verde próximo a esta zona en expansión con alta densidade edificatoria, para ser substituído por un equipamento que terá un uso puntual e que non ten un carácter



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

veciñal, senón que sirve nunha escala supramunicipal. Ademais de non analizarse o sistema xeral adscrito en relación coas vías de comunicación que se están realizando dende o polígono de Navia.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Como valora a Xunta de Galiza a modificación no PXOM do ámbito da carballeira de Casaliños de espazo verde a uso dotacional?

- Considera a Xunta de Galiza que esta modificación, posterior á aprobación inicial, afecta aos dereitos de participación da veciñanza?

- En base a que alegacións formula o promotor a proposta final do Plan?

- Cal foi a avaliación que realizou a Xunta de Galiza á proposta inicial do PXOM na carballeira de Casaliños?

- Avaliou a Xunta de Galiza o impacto que supón a proposta contemplada na aprobación definitiva na declaración ambiental estratéxica?

- Que informes se emitiron dende os distintos organismos da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda onde se analice a proposta definitiva neste ámbito?

- Que valoración fixeron do mesmo?

- Considera a Xunta de Galiza que o proxecto finalmente aprobado no ámbito da carballeira de Casaliños pon en risco un espazo de especial interese?

- Considera a Xunta de Galiza que a proposta definitiva cumpre co POL?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 11:56:48
Nº Rexistro: 47001
Data envio: 21/01/2026 11:56:48.871

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 21/01/2026 11:56:19

Carmela González Iglesias na data 21/01/2026 11:56:27

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 21/01/2026 11:56:36

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 11:56:48
Nº Rexistro: 47001
Data envio: 21/01/2026 11:56:48.871

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 11:56:49**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:00:55
Nº Rexistro: 47002
Data envio: 21/01/2026 12:00:55.378

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños** e **Olalla Rodil Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á concreción do anuncio reiterado polo Presidente da Xunta de Galiza de impulsar "CIM" móbiles ao longo do país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Recentemente, durante o Debate do Estado da Nación, o Presidente da Xunta reiterou o anuncio da posta en marcha de Centros de Información á Muller móbiles que xa anunciara na campaña electoral de 2024 e na sesión de investidura dese mesmo ano. A maiores da repetición deste anuncio, o señor Presidente concretou que se trataría de catro, un por provincia.

É preciso recordar que segundo a normativa vixente, corresponde ao goberno galego a responsabilidade de promover a creación e o mantemento de recursos de carácter permanente, entre os que están os CIM, desde os cales se articule unha intervención global dirixida ás mulleres e que proporcionen asesoramento xurídico, atención psicolóxica, orientación profesional e sociolaboral, así como calquera outra información encamiñada a conseguir a igualdade efectiva. De forma singular, corresponde ao goberno galego apoiar a extensión desta Rede para garantir o acceso de calquera muller do noso país a estes recursos.

Máis concretamente, canto aos Centros de Información á Muller cómpre recordar que se ben as entidades locais son colaboradoras fundamentais, a Xunta debe responsabilizarse dun adecuado financiamento que permita a creación de novos centros,

Asinado o día 21/01/2026 ás 12:00
Por Olalla Rodil Fernández

Asinado o día 21/01/2026 ás 12:00
Por Noa Presas Bergantiños

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:00:55
Nº Rexistro: 47002
Data envio: 21/01/2026 12:00:55.378

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

a consolidación dos actuais e a ampliación do persoal, promovendo que as contratacións sexan a tempo completo e que se avance, conforme reclama o asociacionismo e as e os profesionais, as categorías profesionais existentes.

Ao mesmo tempo conviven, xa que logo, o reto de estender este servizo ao longo do territorio garantindo o reequilibrio territorial e, ao mesmo tempo, a consolidación e ampliación dos servizos para garantir que haxa unha dotación suficiente.

De forma particular, a extensión ao longo do territorio é fundamental. De feito, é preciso lembrar que un estudo recente da FEGAMP publicado no ano 2023 sinalaba como o 26% dos concellos de Galicia non dispón da atención de ningún Centro de Información á Muller e que que os concellos que non teñen servizo específico de CIM se sitúan en zonas rurais, de difícil acceso e mal comunicadas, e están a gran distancia dos concellos que si dispoñen de CIM;s municipios de entre 5.000 e 20.000 e os de menos de 5.000 habitantes presentan importantes deficiencias na cobertura de CIM, cun gran número de concellos sen servizo específico ou servizo estendido por área de influencia e Ourense e Lugo son as zonas peor paradas.

Neste contexto, é evidente que toda ampliación de servizos é necesaria. Porén, é preciso concretar os termos do anuncio feito e asegurar a súa fundamentación e posibilidades de éxito, xa que non parece ser a solución a este problema de extensión territorial. Por unha banda, cómpre ter en conta que os servizos deben ter accesibilidade e polo tanto parece complexo que isto se cumpra se non hai un servizo con vocación de permanencia. Pola outra, con base ás competencias e actuacións atribuídas aos CIM, prevese que interveñan na comunidade nas que se sitúa e verificar isto parece tamén complexo.



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:00:55
Nº Rexistro: 47002
Data envío: 21/01/2026 12:00:55.378

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Que regulación, protocolos e pautas de funcionamento van rexer os futuros CIM móbiles?

Este servizo vaise prestar a través de medios públicos de forma directa ou vai a Xunta privatizar este novo servizo?

Cal vai ser a forma de selección e relación contractual do persoal coa Xunta de Galiza?

Por que aposta a Xunta pola dimensión provincial no lugar de apostar por unha visión supracomarcal de servizos mancomunados que se adapten mellor ao mapa de servizos vixente?

Que estudo ou estudos realizou a Xunta de Galiza para deseñar o servizo? Como foron elaborados?

Colaborou o goberno galego coa Fegamp á hora de avaliar esta cuestión? Vai haber algunha relación coa Fegamp? E co municipalismo galego?

Cal vai ser a relación, comunicación ou coordinación, se as houber, cos CIM físicos existentes?

Ten estabelecido a Xunta criterios de funcionamento obxectivos para estabelecer a distribución territorial, as frecuencias, as localizacións, etc? Cales?

Avaliouse este recurso e as condicións de funcionamento nalgún dos organismos de coordinación, debate ou posta en común en materia de violencia machista? Cales?



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:00:55
Nº Rexistro: 47002
Data envío: 21/01/2026 12:00:55.378

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

E singularmente no Observatorio galego da violencia de xénero? Con que conclusións?

Cal é o cronograma de posta en marcha?

Cal é o orzamento?

Que persoal vai ter cada recurso?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:00:55
Nº Rexistro: 47002
Data envio: 21/01/2026 12:00:55.378

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/01/2026 12:00:30**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/01/2026 12:00:36**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:00:55
Nº Rexistro: 47002
Data envio: 21/01/2026 12:00:55.378

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 12:00:56**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:01:19
Nº Rexistro: 47003
Data envio: 21/01/2026 12:01:19.172

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

## Á Mesa do Parlamento

**Iria Taibo Corsanego**, **Luis Bará Torres** e **Paulo Ríos Santomé**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª** sobre as negociacións entre a Xunta de Galiza e o Concello de Oleiros sobre a seguridade viaria na estrada AC-173, no Couto (Oleiros).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 19 de xuño deste mesmo ano, a comisión 2.ª do Parlamento Galego aprobou unha emenda do BNG a unha proposta do PSdG, que foi apoiada polos tres grupos, en demanda dunha mellora da seguridade viaria da estrada AC-173 no treito que atravesa O Couto, en Oleiros. En concreto, aprobouse demandar unha solución negociada entre as dúas institucións implicadas, o Concello de Oleiros e a Xunta de Galiza.

A veciñanza desta zona leva anos a reclamar medidas que permitan a circulación peonil en condicións axeitadas, xa que este treito é de velocidade máxima de 70 km/hora e nas proximidades non hai pasos de peóns que permitan atravesar con suficiente seguridade.

Unha das solucións propostas é que, en vista de que a Consellaría de Infraestruturas alegara informes técnicos para xustificar a súa negativa a facer estas mudanzas, o Concello de Oleiros asumise esta vía de titularidade autonómica. De feito, a administración galega ofreceulle ao Concello de Oleiros a transferencia da titularidade da vía, mais o Concello non a aceptou até agora. O Alcalde afirmou nun Pleno municipal recente que se faría cargo da instalación dun paso de peóns, tras negociacións co goberno galego.



Asinado o día 21/01/2026 ás 12:00
Por Paulo Ríos Santomé
Asinado o día 21/01/2026 ás 12:00
Por Luis Bará Torres
Asinado o día 21/01/2026 ás 12:00
Por Iria Taibo Corsanego
CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:01:19
Nº Rexistro: 47003
Data envio: 21/01/2026 12:01:19.172

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

O Concello de Oleiros anunciou a semana pasada que asumiría varias vías de titularidade provincial que transcorren por treitos urbanos, polo que, unha vez que xa transcorreron varios meses desde a aprobación no Parlamento Galego desta demanda de negociación entre as dúas institucións, é preciso que a cidadanía coñeza cales foron os trámites que levou a cabo o goberno galego destinados a atender esta demanda cidadá da veciñanza do Couto.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- A Xunta de Galiza levou a cabo algunha negociación co Concello de Oleiros para dar solución aos problemas de seguridade viaria na estrada autonómica AC-173?

- En que situación se atopan estas negociacións?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:01:19
Nº Rexistro: 47003
Data envío: 21/01/2026 12:01:19.172

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Taibo Corsanego na data 21/01/2026 12:00:10**
**Luis Bará Torres na data 21/01/2026 12:00:16**
**Paulo Ríos Santomé na data 21/01/2026 12:00:26**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:01:19
Nº Rexistro: 47003
Data envio: 21/01/2026 12:01:19.172

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 12:01:20**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:08:54
Nº Rexistro: 47006
Data envío: 21/01/2026 12:08:54.765

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 21/01/2 12:07 Por Paula Mouzo Mas
Millares

**Á Mesa do Parlamento**

**Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Moisés Rodríguez Pérez, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa,** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

O sector pesqueiro constitúe un piar esencial tanto desde o punto de vista económico como social e ambiental. Galicia conta cunha das maiores frotas pesqueiras da Unión Europea e lidera, en moitos ámbitos, a transformación do sector cara a unha pesca máis sostible, innovadora e resiliente.

Nos últimos anos, o sector afrontou importantes retos: a necesidade de substitución xeracional, a adaptación a novos estándares ambientais, a transformación tecnolóxica da frota, o encarecemento dos custos operativos, o impacto do Brexit e a competencia internacional. Todos estes desafíos requiren do apoio decidido dos instrumentos europeos de financiamento, como o Fondo Europeo Marítimo, de Pesca e de Acuicultura (FEMPA) cunha dotación orzamentaria suficiente.

O 16 de xullo de 2025, a Comisión Europea adoptou unha proposta para o próximo marco financeiro plurianual (MFP) para o período 2028-2034. Este inclúe o apoio á aplicación da Política Pesqueira Común, ao Pacto Europeo para os Océanos e á política marítima e acuícola da Unión, diluída no marco do Fondo de Asociación Nacional e Rexional.

Neste senso resultan fondamente preocupantes as noticias recentemente coñecidas sobre a intención de propoñer un recorte aparente do 67% nos fondos destinados ao sector pesqueiro no próximo marco orzamentario. Esta redución, de confirmarse, comprometería gravemente a viabilidade da adaptación de moitas explotacións pesqueiras e das comunidades que dependen directa ou indirectamente desta actividade.

Ademais, supoñería un retroceso na capacidade de adecuación e consecución dos obxectivos comúns en materia de sustentabilidade, competitividade e seguridade alimentaria.

Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 21/01/2026 ás 12:07 Por Patricia García González
Asinado o día 21/01/2026 ás 12:07 Por Miguel Fidalgo Iglesias
CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

Neste contexto, resulta urxente que as distintas administracións e, particularmente o Goberno de España -na súa condición de interlocutor directo coa Unión Europea adopten unha posición clara, firme e proactiva para defender os intereses do sector pesqueiro no proceso de negociación do novo marco financeiro europeo. Esta ademais non é unha demanda política ou partidista, senón unha reivindicación liderada polo propio sector tal e como se evidenciou na última reunión do Consello Galego de Pesca reunido o 6 de agosto.

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia ante o posible recorte de fondos europeos pesqueiros previsto na proposta de Marco Financeiro Plurianual 2028-2034?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:08:54
Nº Rexistro: 47006
Data envio: 21/01/2026 12:08:54.765

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Fidalgo Iglesias na data 21/01/2026 12:07:01**
**Patricia García González na data 21/01/2026 12:07:08**
**Paula Mouzo Mas na data 21/01/2026 12:07:13**
**Jesús María Fernández Rosende na data 21/01/2026 12:07:22**
**Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2026 12:07:28**
**Maria Magdalena Perez Millares na data 21/01/2026 12:07:34**
**Moisés Rodríguez Pérez na data 21/01/2026 12:07:41**
**Raúl Santamaría González na data 21/01/2026 12:07:53**
**Manuel Santos Costa na data 21/01/2026 12:08:00**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyI-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:08:54
Nº Rexistro: 47006
Data envio: 21/01/2026 12:08:54.765

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 12:08:55**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:25:39
Nº Rexistro: 47007
Data envio: 21/01/2026 12:25:39.617

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Ramón Fernández Alfonzo, Paulo Ríos Santomé**, **Xosé Manuel Golpe Acuña, Mercedes Queixas Zas** e **Iria Taibo Corsanego**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as conexións ferroviarias da comarca de Ferrol.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Galiza padece un déficit histórico en materia de infraestruturas ferroviarias, por este motivo o BNG ven reclamando ao Goberno do Estado acometer os investimentos necesarios para reducir a fenda nesta materia respeito doutros territorios do estado. Temos claro que as políticas de transporte do futuro pasan por unha aposta decidida polo transporte ferroviario, que permite unha mobilidade sustentábel, eficaz e eficiente ao tempo que facilita unha transición enerxética que garante a cohesión social.

A comarca de Ferrol ficou nas últimas décadas sen apenas investimentos en materia ferroviaria. Compre, pois, a súa modernización urxente para contar por fin con conexións, frecuencias e tempos competitivas, tanto no transporte de proximidade como na media e longa distancia.

Para logralo, unha obra fundamental é a do chamado bypass de Betanzos, mais non concibida como un investimento puntual e único, senón como un dos pasos necesarios para avanzar na modernización do trazado entre Ferrol e A Coruña, que debera ir acompañada doutras melloras como a electrificación, a dupla vía e a compatibilidade entre viaxeiros e mercadorías. Na actualidade tense redactado o estudo



Asinado o día 21/01/2 12:24 Por José Manuel Golp
Por Iria Taibo Corsanego
Asinado o día 21/01/2026 ás 12:24 Por Paulo Ríos Santomé
Asinado o día 21/01/2026 ás 12:24 Por Ramón Fernández Alfonzo
CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

informativo mais está pendente, aínda, a resolución das alegacións presentadas e acometer a redacción do proxecto construtivo para considerarmos que efectivamente se dan pasos a adiante.

A infraestrutura ferroviaria debe servir para mellorar as conexións de proximidade, asegurando a cohesión territorial, económica e social, mais tamén para acurtar tempos de viaxe entre Ferrol-Betanzos-A Coruña.

Isto é, a redución dos tempos de viaxe non pode supor a eliminación de paradas, senón que debe estar dirixida a vertebrar o territorio, o que ben pode lograrse a través da modernización da liña, o incremento dos servizos e das frecuencias e a recuperación de paradas suprimidas para un ámbito territorial no que viven medio millón de persoas. Con este obxectivo a mellor alternativa é a corrección do trazado e a rectificación de curvas, así como duplicar a vía, o que permitiría a prestación de servizos simultáneos. E todo sen perder de vista que a modernización da liña debe garantir a compatibilidade do transporte de viaxeiros co de mercadorías para dar saída ao porto exterior de Ferrol que precisamente está rematando o seu acceso ferroviario.

Durante este último ano constituíuse en Ferrol o chamado Foro cidadán polo ferrocarril, no que concorren numerosas entidades sociais da comarca e persoas a título particular e que ven desenvolvendo unha actividade de análise, diagnose, socialización e mesmo elaboración de propostas sobre o que deberían ser as actuacións prioritarias para dotar á comarca de Ferrol das infraestruturas e servizos necesarios.

O Concello de Ferrol aprobou por unanimidade unha declaración institucional sobre o ferrocarril que inclúe as demandas deste Foro cidadán e que o BNG comparte.

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Coñece a Xunta de Galiza o déficit absoluto da comarca de Ferrol en canto a mobilidade ferroviaria?

Cando ten pensado a Xunta de Galiza para corrixir esta situación?

Vai demandar a Xunta de Galiza a realización do Bypass de Betanzos?

Vai demandar a Xunta de Galiza a modernización da liña Ferrol-A Coruña con duplicación e electrificación da vía, corrección de trazado e rectificación de curvas?

Vai demandar a mellora da liña e do servizo ferroviario entre Ferrol-Ribadeo?

Vai demandar a transferencia das competencias sobre o transporte ferroviario de proximidade?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:25:39
Nº Rexistro: 47007
Data envio: 21/01/2026 12:25:39.617

**Asinado dixitalmente por:**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 21/01/2026 12:24:06**

**Paulo Ríos Santomé na data 21/01/2026 12:24:32**

**José Manuel Golpe Acuña na data 21/01/2026 12:24:39**

**Mercedes Queixas Zas na data 21/01/2026 12:24:49**

**Iria Taibo Corsanego na data 21/01/2026 12:24:56**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyI-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:25:39
Nº Rexistro: 47007
Data envio: 21/01/2026 12:25:39.617

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 12:25:40**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:31:32
Nº Rexistro: 47011
Data envío: 21/01/2026 12:31:32.808

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Iria Taibo Corsanego** e **Mercedes Queixas Zas**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre as intervencións nos faros de Mera (Oleiros).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os faros de Mera, en Oleiros, forman parte do Catálogo do Patrimonio Cultural de Galiza. Por ese motivo, as intervencións que se poden levar a cabo neles están suxeitas a autorización.

Os faros de Mera foron recentemente pintados nunha actuación de alumnado do CEIP Isidro Parga Pondal, de Santa Cruz, organizada pola Autoridade Portuaria da Coruña, para tapar unhas pintadas que vandalizaran estes edificios nas últimas semanas.

Esta actividade, a pesar de que tiña un marcado obxectivo de divulgación ambiental, levouse a cabo de xeito non axustado a criterios de sustentabilidade ambiental nin de conservación do patrimonio, como denuncian asociacións veciñais, culturais e confrarías de todo tipo de Oleiros, alén do propio Concello de Oleiros.

Por este motivo, consideramos que é preciso coñecer a información relacionada co expediente que autorizou a devandita a intervención, ademais dos informes que deberían acreditar se a mesma é acorde coa protección do ben e coa súa inclusión nos catálogos de ben culturais.

Asinado o día 21/01/2026 ás 12:30
Por Mercedes Queixas Zas

Asinado o día 21/01/2026 ás 12:30
Por Iria Taibo Corsanego

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto anteriormente formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª:

- Cal é o procedemento que seguiu o goberno galego para autorizar as intervencións que se levaron a cabo recentemente nos faros de Mera, en Oleiros, no que se refire á protección patrimonial?

- Este procedemento conta con informes de protección do patrimonio, en tanto que se trata de bens incluídos no Catálogo de Patrimonio Cultural de Galiza?

- Que medidas ten previsto implantar o goberno galego para protexer os faros de Mera?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**Iria Taibo Corsanego na data 21/01/2026 12:30:21**

**Mercedes Queixas Zas na data 21/01/2026 12:30:27**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:31:32
Nº Rexistro: 47011
Data envio: 21/01/2026 12:31:32.808

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 12:31:33**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyI-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:33:48
Nº Rexistro: 47012
Data envio: 21/01/2026 12:33:48.143

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Alexandra Fernández Gómez** e **Luis Bará Torres**, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a necesidade de impulsar unha Estratexia Galega de Adquisición Pública de vivenda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O parque público de vivendas propiedade da Xunta de Galiza é extremadamente escaso, con apenas 3.800 unidades que representan un 0,3% do total das vivendas, fronte ao 16% que representan estas en Francia, o 17% en Inglaterra, o 21% en Dinamarca, 24% en Irlanda do norte, o 24% en Escocia ou o 29% en Países Baixos.

Esta situación, tan afastada doutros países europeos, é consecuencia de non ter construído na segunda metade do s. XX grandes parques públicos de vivendas e, despois, de ter paralizado e arrasado por completo durante 17 anos a política de vivenda pública que tomara impulso na etapa anterior para tratar de corrixir este déficit histórico.

Neste momento de crise de acceso á vivenda é cando se evidencian dunha forma máis crúa a carencia desta infraestrutura pública como mecanismo eficaz para garantir un dereito básico como é a vivenda.

Ante isto, a Xunta de Galiza vén de anunciar un incremento da vivenda pública mais que presenta dúas grandes eivas: a primeira é que ambiciona un volume insuficiente de unidades e, a segunda, fai unha aposta case total pola nova construción fronte a outras solucións baseadas na rehabilitación e na mobilización de vivenda xa construída que permita solucións a curto prazo.

Asinado o día 21/01/2026 ás 12:33
Por Luis Bará Torres

Asinado o día 21/01/2026 ás 12:32
Por Alexandra Fernández Gómez

CSV: BOPGDSPG-193prCQyI-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:33:48
Nº Rexistro: 47012
Data envío: 21/01/2026 12:33:48.143

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Dende o BNG consideramos que unha estratexia axeitada para a ampliación do parque público de vivenda debe contemplar, ademais da nova construción, estratexias e mecanismos que mediante a adquisición vivenda e/ou posterior rehabilitación permitan incorporar de forma áxil máis unidades.

Neste momento o único mecanismo para a adquisición pública de vivendas e inmobles para a súa incorporación ao parque público está limitada ao programa Rexurbe. Un programa moi limitado en cuanto ao ámbito de actuación -só uns poucos centros históricos en todo o país, non vinculado á demanda de vivenda- e que conta cunha execución e financiamento moi escaso, que fai con que non resulte un instrumento eficaz para paliar a alta demanda de vivenda pública que se constata no rexistro de Demandantes de Vivenda da Xunta.

Unha política de adquisición pública ambiciosa ten ademais outras grandes virtudes fronte a unha estratexia baseada exclusivamente en novos desenvolvementos urbanísticos. Por exemplo, evita a segregación espacial das persoas de rendas máis baixas en fragmentos urbanos periféricos, como se pretende cos novos PIA de solo residencial. Tamén permite actuar para mobilizar parque inmobiliario baleiro, fomenta a rehabilitación e evita o consumo innecesario de solo.

Os datos en materia de vivenda evidencian que a actual crise de vivenda non se debe a un problema de stock total construído, xa que o ratio de vivendas por habitante non deixou de aumentar nas dúas últimas décadas, pasando do 0,48 en 2001 ao 0,65 en 2021, ao tempo que a vivenda baleira pasou de 300.000 unidades a 500.000 tan só nos últimos dez anos. Por tanto temos cada vez máis vivenda construída pero resulta máis difícil acceder a ela, porque unha parte cada vez maior non se destina a un uso residencial principal e a que si o fai está atravesada polo incremento continuo e desmedido de prezos.

Por tanto, o BNG aposta pola posta en marcha dunha estratexia con novas medidas que aposte por incrementar o parque público de vivendas mediante a adquisición pública



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

de vivendas, de forma que nos permita acadar dous grandes obxectivos: incrementar de forma áxil o parque público de vivendas ou tempo que contribuímos a unha mellor utilización do parque construído, reducindo o número de vivendas baleiras, contribuíndo ao mantemento e mellora do parque construído e reducindo o consumo de solo e recursos.

Por último, cabe destacar que se abren novas oportunidades de financiación nesta liña ao incluírse como novidade no novo borrador do Plan Estatal de Vivenda 2026-2030 liñas de financiación dirixidas de forma específica para a adquisición de vivendas por parte das Administracións, que pode alcanzar o 70% dos custes do investimento e até un 85% se se trata dunha zona de mercado tensionado. Por tanto, vemos que a aposta pola intervención pública sobre o parque xa construído que vimos defendendo dende o BNG vai sumando apoios e ábrense novas oportunidades de financiamento que o goberno galego non debera deixar pasar.

Precisamente para aproveitar esta oportunidade e desenvolver unha estratexia coherente coa realidade territorial galega, dende o BNG propomos a creación inmediata dunha estratexia galega de adquisición pública de vivenda para a súa incorporación ao parque público de vivendas. Esta debe incluír unha serie de obxectivos por comarcas e a nivel galego coherente coa situación de demanda de vivenda pública, coas dificultades no acceso á vivenda e co estado do parque construído, que como mínimo aspire a incorporar 4.000 novas vivendas en 5 anos mediante a adquisición por parte da Xunta de Galiza.

Para lograr estes obxectivos a Xunta de Galiza despregará unha serie de medidas que permitan á Administración a adquisición de vivenda con prezos axustados. Entre elas, o despregue de instrumentos de tenteo e retracto en favor da Administración Pública en determinados ámbitos onde exista unha necesidade de incremento da oferta de vivenda pública, o exercicio efectivo dese dereito na transmisión de vivenda protexida, ou a creación dunha comisión técnica especializada dentro do IGVS que asegure o seu bo desenvolvemento.



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:33:48
Nº Rexistro: 47012
Data envio: 21/01/2026 12:33:48.143

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

- Cantas vivendas prevé incorporar a Xunta de Galiza a través das adquisición pública de vivendas ao seu parque público no que resta de lexislatura?

- Por que a Xunta de Galiza non exerce o dereito de tenteo e retracto sobre transmisións de vivenda protexida?

- Por que a Xunta de Galiza pretende limitar a adquisición de vivendas a baixos comerciais?

- Que modelo urbano e de calidade das vivendas persegue o goberno galego con esta medida?

- Vai a Xunta de Galiza a impulsar unha Estratexia Galega de Adquisición Pública de vivenda?

- Vai a habilitar algún instrumento normativo para a adquisición pública de vivenda?

- Por que a Xunta de Galiza boicotea a declaración de mercados tensionados limitando a capacidade de impulso das políticas públicas que revertan esa situación?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-193prCQyI-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:33:48
Nº Rexistro: 47012
Data envio: 21/01/2026 12:33:48.143

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 21/01/2026 12:32:55**

**Luis Bará Torres na data 21/01/2026 12:33:02**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyI-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:33:48
Nº Rexistro: 47012
Data envio: 21/01/2026 12:33:48.143

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 12:33:49**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:38:59
Nº Rexistro: 47015
Data envío: 21/01/2026 12:38:59.281

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 21/01/2
12:38
Por Montserrat Valcár

**Á Mesa do Parlamento**

**Luis Bará Torres** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, deputado e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre a situación de Meteogalicia e a creación da Axencia Galega para o Clima e a Meteoroloxía.

Asinado o día 21/01/2026 ás
12:38
Por Luis Bará Torres

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O clima é un dos grandes temas da axenda política e social. Galiza non pode estar á marxe desta cuestión, polo que debe dotarse dunha estrutura normativa, institucional e de medios que dea acaída resposta á axenda ambiental e climática, con especial atención aos riscos dos eventos meteorolóxicos extremos.

Como é sabido, o noso país non conta con instrumentos, persoal e medios para facer fronte ao desafío do clima. A consellaría de medio ambiente conta desde 2024 con unha dirección xeral de enerxías renovábeis e cambio climático, o que deixa ben ás claras cal é a visión que ten o goberno galego desta materia.

Ademais, como recoñeceu o propio goberno, este departamento non conta a penas con persoal, polo que se viu na obriga de externalizar a xestión dunha parte importante das súas tarefas.

Asinado o día 21/01/2026 ás
12:38
Por Olalla Rodil Fernández

Para o BNG é preciso que a emerxencia ambiental e climática teña unha xerarquía moito máis alta no goberno, con visión transversal e capacidade real de impulso de actuacións en todos os ámbitos. Débese rematar coa precariedade na que se encontra Meteogalicia, que non ten personalidade xurídica e depende dun contrato coa empresa TRAGSATEC.

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:38:59
Nº Rexistro: 47015
Data envio: 21/01/2026 12:38:59.281

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A emerxencia do clima vai moito máis alá da predición meteorolóxica. Ten relación coas emerxencias, coa saúde, coa biodiversidade, coas infraestruturas, cos sectores económicos. Por iso é preciso contar con un ente que aglutine todas estas dimensións e que actúe tanto na vertente predictiva como na prospectiva. E que en coordinación co sistema universitario galego elabore estudos sobre a evolución do clima, os impactos presentes e futuros, e as medidas precisas para adaptarnos aos cambios e mitigar os seus efectos.

Polo anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª:

Que valoración lle merece á Xunta a situación de precariedade en que se encontra Meteogalicia?

Cal é a situación laboral do persoal que traballa nos servizos meteorolóxicos en Meteogalicia?

A quen pertencen as instalacións nas que traballa o persoal de Meteogalicia?

Ten previsto o goberno galego regularizar e legalizar a situación de Meteogalicia e crear un organismo público con personalidade xurídica que asuma as competencias sobre o clima e os servizos meteorolóxicos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:38:59
Nº Rexistro: 47015
Data envio: 21/01/2026 12:38:59.281

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 21/01/2026 12:38:18

Luis Bará Torres na data 21/01/2026 12:38:25

Montserrat Valcárcel Armesto na data 21/01/2026 12:38:37

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:38:59
Nº Rexistro: 47015
Data envio: 21/01/2026 12:38:59.281

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 12:39:00**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyI-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:53:22
Nº Rexistro: 47016
Data envío: 21/01/2026 12:53:22.688

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 21/01/2 12:53
Por Iago Tabarés Pér

## Á Mesa do Parlamento

**Noa Presas Bergantiños**, **Ramón Fernández Alfonzo** e **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, relativa ao anuncio do goberno galego de presentar alegacións ante a tramitación do Anteproxecto de Lei Orgánica de medidas excepcionais de sostibilidade financeira para as CC.AA. de réxime común.

Asinado o día 21/01/2026 ás 12:52
Por Ramón Fernández Alfonzo

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde hai anos a xestión da débeda é obxecto de debate no ámbito do Estado español por varios motivos. Primeiro, pola importancia do seu volume e as consecuencias nas finanzas e na prestación de servizos públicos. Segundo, pola súa vinculación coas insuficiencias do sistema de financiamento e coas restricións centralistas ao gasto aplicadas na crise financeira. Terceiro, pola oportunidade histórica aberta polas negociacións das organizacións soberanistas con representación no Congreso dos e das deputados para que o goberno central asuma a súa responsabilidade e asuma medidas excepcionais.

Así as cousas, a Xunta de Galiza, no lugar de aproveitar as distintas concocatorias de Consellos de Política Fiscal e Financeira, Conferencias de Presidencias ou impulsar negociacións bilaterais para defender Galiza, asume a estratexia estatal do Partido Popular de negar a idoneidade dunha quita.

Asinado o día 21/01/2026 ás 12:52
Por Noa Presas Bergantiños

Coñecido o Anteproxecto, a Xunta vén de avanzar despois do Consello celebrado o luns 6 de outubro a presentación de alegacións. Segundo a nota informativa da Xunta o goberno considera que “os criterios utilizados polo Goberno central para defender a mal chamada condonación non son válidos, xa que non mellora a solvencia



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nin a capacidade de gasto das Comunidades", que "esta decisión se tomara sen contar coa participación das Comunidades autónomas" e critica os criterios sen fornecer uns alternativos.

É necesario que o goberno galego, ante esta oportunidade histórica, faga propostas concretas para que Galiza non perda a posibilidade de reducir o impacto económico da súa débeda.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Ten algunha proposta alternativa o goberno da Xunta para que Galiza poida acollerse a unha quita da débeda ou non vai negociar a favor do noso país?

Negociou a Xunta de Galiza criterios alternativos para mellorar os propostos polo Estado?

Por que non negociou nos foros multilaterais que demandaba?

Se ao goberno galego non lle valían os foros multilaterais que reclamou durante meses, por que tampouco demandou foros bilaterais?

Vai facer públicos o goberno galego os informes elaborados e as alegacións remitidas?

Vai pedir o goberno galego ao partido que o sostén que facilite a tramitación do Anteproxecto de Lei Orgánica de medidas excepcionais de sostibilidade financeira para as CC.AA. de réxime común?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:53:22
Nº Rexistro: 47016
Data envio: 21/01/2026 12:53:22.688

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/01/2026 12:52:22**

**Ramón Fernández Alfonzo na data 21/01/2026 12:52:50**

**Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 21/01/2026 12:53:03**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyI-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:53:22
Nº Rexistro: 47016
Data envio: 21/01/2026 12:53:22.688

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 12:53:23**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:54:03
Nº Rexistro: 47018
Data envio: 21/01/2026 12:54:03.573

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 21/01/2 12:53
Por Ariadna Fernánde

## Á Mesa do Parlamento

**Carmela González Iglesias**, **Alexandra Fernández Gómez**, **Ariadna Fernández González** e **Brais Ruanova Vilas-Boas**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a falta de prazas para o curso 2025/2026 nas escolas infantís públicas dependentes da Xunta de Galiza na cidade de Vigo.

Asinado o día 21/01/2026 ás 12:52
Por Alexandra Fernández Gómez

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Vigo conta na actualidade con nove escolas infantís públicas de titularidade da Xunta de Galiza que, incluso incluíndo as nove de titularidade municipal, son totalmente insuficientes para cubrir a demanda.

No procedemento de adxudicación de prazas nas escolas infantís dependentes da Xunta de Galiza para o curso 2024/2025 máis de 450 nenas e nenos quedaron sen praza. Nalgunhas como é o caso da Galiña Azul da Rúa Palencia ,no barrio do Calvario, máis de 100 crianzas non foron admitidas.

No proceso que se está desenvolvendo na actualidade para o curso 2025/2026 as listas provisionais continúan practicamentes cos mesmos datos,  o número de familias que non conseguen praza nas escolas infantís da Xunta de Galicia seguen sendo parello ao número das que si conseguen praza.

Asinado o día 21/01/2026 ás 12:52
Por Carmela González Iglesias

Na cidade de Vigo están censadas máis de 5.000 crianzas de entre 0 e 3 anos e as prazas ofertadas nas escolas infantís públicas son totalmente insuficientes. Ás máis de 400 nenas e nenos que non son admitidas nos centros dependentes da Xunta de Galiza hai que engadirlle os preto de 200 que quedan fora nas dependentes do Concello



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:54:03
Nº Rexistro: 47018
Data envío: 21/01/2026 12:54:03.573

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de Vigo e as moitas familias que acoden directamente a centros privados ante a imposibili-dade de acceder a prazas públicas.

Ás 1300 prazas públicas de escolas infantís ofertadas en Vigo cobren escasamen-te o 25% das necesidades das familias viguesas, polo que é preciso adoptar medidas para incrementar a oferta, como un recurso que se torna fundamental para posibilitar a conci-liación familiar.

Medidas como a gratuidade das escolas infantís para todas as familias galegas, impulsada polo goberno do PP e que beneficia a iniciativa privada, son insuficientes xa que son moitas as nais e pais de Vigo que a pesar de solicitar praza nas escolas públicas e nas privadas, teñen que recorrer ás avoas e aos avós ou a outros familiares para poder conciliar a súa vida laboral co coidado dos seus fillos e fillas. Ou incluso, principalmente no caso das nais, vense obrigadas a reducir a súa xornada (coa mingua salarial que su-pón) ou deixar o seu traballo para poder atendelos, acrecentando así a desigualdade la-boral entre homes e mulleres.

Este é un servizo educativo esencial ao que teñen dereito todas as nenas e nenos e que o Goberno Galego ten o deber de garantirlles cunha rede pública de escolas infan-tís que en Vigo, como a maior cidade de Galiza, debe estar suficientemente dotada.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Como valora o Goberno Galego que máis de 450 nenas e nenos, a metade das solicitudes, quedaran sen praza na rede pública de escolas infantís da Xunta de Galiza en Vigo no curso 2024/2025?



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Pensa o Goberno Galego positivo que no curso 2025/2026 segan manténdose estas cifras de familias que non conseguen praza nas escolas infantís públicas dependentes da Xunta de Galicia?

- Como valora o Goberno Galego que moitos pais e nais teñan que recorrer ás avoas e aos avós ou a outros familiares para poder conciliar a súa vida laboral co coidado dos seus fillos e fillas; ou incluso, principalmente no caso das nais, se vexan obrigadas a reducir a súa xornada (coa merma salarial que supón) ou deixar o seu traballo para poder atendelos, acrecentando así a desigualdade laboral entre homes e mulleres?

- Considera o Goberno Galego que, ao ser este un servizo educativo esencial ao que teñen dereito todas as nenas e nenos, ten o deber de garantirlles cunha rede pública de escolas infantís ?

- Pensa o Goberno Galego que é necesario incrementar o número de prazas na rede pública de escolas infantís en Vigo, co obxectivo de que todas as familias viguesas teñan acceso a un sistema educativo público, gratuíto e de calidade para todas as nenas e nenos do concello?

- Vai incluír o Goberno Galego nos próximos orzamentos unha partida para a construción de novos centros nas zonas de As Travesas, Balaidos, Navia, Casco Vello e Travesía de Vigo para garantir o acceso a unha praza nas escolas infantís públicas a todas as nenas e nenos da cidade de Vigo?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:54:03
Nº Rexistro: 47018
Data envío: 21/01/2026 12:54:03.573

**Asinado dixitalmente por:**

**Carmela González Iglesias na data 21/01/2026 12:52:41**

**Alexandra Fernández Gómez na data 21/01/2026 12:52:49**

**Ariadna Fernández González na data 21/01/2026 12:53:00**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 21/01/2026 12:53:10**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyI-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:54:03
Nº Rexistro: 47018
Data envio: 21/01/2026 12:54:03.573

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 12:54:04**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:58:11
Nº Rexistro: 47021
Data envio: 21/01/2026 12:58:11.698

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Asinado o día 21/01/2 12:57
Por Alexandra Fernár

**Á Mesa do Parlamento**

**Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos** e **Alexandra Fernández Gómez**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre os centros de coidados intermedios anunciados pola Xunta de Galiza.

Asinado o día 21/01/2026 ás 12:57
Por Iria Carreira Pazos

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno do Partido Popular leva anunciando catro anos a creación de dous centros de coidados intermedios en Galiza.

Facendo un breve repaso cronolóxico:

O presidente da Xunta de Galiza, daquela Alberto Núñez Feijoo, anunciaba en 2021 no marco do debate de política xeral que ían abrir dous centros de coidados intermedios no ano 2022. Algo que non aconteceu.

De novo durante o debate do estado da nación mais de 2023, o presidente da Xunta de Galiza volvía repetir o mesmo anuncio.

Asinado o día 21/01/2026 ás 12:57
Por Olalla Rodil Fernández

*"O 2024 será o ano no que se inaugure en Santiago o primeiro centro de coidados intermedios público de España para atender a xente maior que, despois de recibir unha alta hospitalaria, non poida aínda ir ao seu domicilio, á súa residencia e necesite unha atención intermedia, que é ao que se vai dedicar este centro. En paralelo, avanzaremos no acondicionamento dun espazo igual no antigo hospital Rebullón, no concello de Mos. É dicir, Galicia terá, sucesivamente —xa o primeiro no ano 2024— dous centros pioneiros en España de coidados intermedios para as persoas maiores".*

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

De feito, sobre o centro que se ubica no CEGADI, cuxa infraestrutura está feita, non está operativo malia que anunciaron a súa posta en funcionamento en sucesivas ocasións. Primeiro ía ser "a comezos de 2024" e máis tarde "a finais" dese mesmo ano.

Porén, a única realidade é que ningún dos dous centros de coidados intermedios anunciados e prometidos están operativos a mediados de 2025.

Por todo o exposto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 5ª:

Cando van estar en funcionamento os centros de coidados intermedios que a Xunta de Galiza leva anunciando catro anos?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:58:11
Nº Rexistro: 47021
Data envio: 21/01/2026 12:58:11.698

**Asinado dixitalmente por:**

**Olalla Rodil Fernández na data 21/01/2026 12:57:23**

**Iria Carreira Pazos na data 21/01/2026 12:57:36**

**Alexandra Fernández Gómez na data 21/01/2026 12:57:48**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyI-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:58:11
Nº Rexistro: 47021
Data envio: 21/01/2026 12:58:11.698

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 12:58:12**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:59:00
Nº Rexistro: 47023
Data envío: 21/01/2026 12:59:00.040

PARLAMENTO DE GALICIA

Asinado o día 21/01/2 12:56 Por Paula Mouzo Mas
Millares

**Á Mesa do Parlamento**

**Miguel Fidalgo Iglesias, Patricia García González, Paula Mouzo Mas, Jesús Fernández Rosende, Dolores Hermelo Piñeiro, Magdalena Pérez Millares, Moisés Rodríguez Pérez, Raúl Santamaría González e Manuel Santos Costa,** deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**

O programa de capacitación da iniciativa Portos Azuis da Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) trátase dunha iniciativa co obxectivo de promover accións de formación dirixidas a países en vías de desenvolvemento nas que se fará fincapé nas boas prácticas en sustentabilidade, tanto ambiental como socioeconómica, nos portos pesqueiros e nas súas áreas de influencia.

A intención de reforzar a colaboración con este organismo da ONU manifestouse desde xullo de 2022, cando as catro partes que agora protagonizan o convenio asinaban no porto olívico unha Declaración Institucional polo impulso da Economía Azul nos portos pesqueiros a nivel internacional na que manifestaban o seu interese por apoiar a Iniciativa da FAO e, en particular, as súas actividades de capacitación e formación.

O Consello da Xunta de Galicia analizou na súa reunión do 29 de febreiro de 2024 o convenio entre o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (MAPA), Portos do Estado, a Autoridade Portuaria de Vigo e a Consellería do Mar para facilitar a contribución económica ao programa de capacitación da iniciativa Portos Azuis da Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO) e a divulgación desta iniciativa (publicado no BOE núm. 114, do 10 de maio de 2024).

Posteriormente, o Consello da Xunta do día 28 de xullo de 2025 deu o visto e prace ao proxecto de acordo polo que se autoriza a sinatura dunha addenda de modificación ao convenio entre a Consellería do Mar, a Autoridade Portuaria de Vigo, o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación e Portos do Estado para facilitar a contribución económica ao programa de capacitación da iniciativa Portos Azuis da Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura.

A presente addenda ten por obxecto a organización do seminario internacional deste Programa, que ten por finalidade principal impulsar e reforzar a iniciativa Portos Azuis da FAO, destinada a transformar os portos pesqueiros en motores de desenvolvemento sostible, a través dunha xestión responsable dos recursos mariños que contribúa ao benestar das comunidades pesqueiras.

Por Dolores Hermelo Piñeiro
Asinado o día 21/01/2026 ás 12:56 Por Patricia García González
Asinado o día 21/01/2026 ás 12:56 Por Miguel Fidalgo Iglesias
CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:59:00
Nº Rexistro: 47023
Data envio: 21/01/2026 12:59:00.040

PARLAMENTO DE GALICIA

Por todo o exposto, as deputadas e deputados asinantes, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, presentan a seguinte pregunta oral:

1. A canto ascende a financiación achegada para permitir a execución do programa de capacitación da iniciativa Portos Azuis que promove a Organización das Nacións Unidas para a Alimentación e a Agricultura (FAO)?

Santiago de Compostela, 21 de xaneiro de 2026

CSV: BOPGDSPG-193prCQyI-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia @GrupoPopularGal

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Fidalgo Iglesias na data 21/01/2026 12:56:00**
**Patricia García González na data 21/01/2026 12:56:06**
**Paula Mouzo Mas na data 21/01/2026 12:56:12**
**Jesús María Fernández Rosende na data 21/01/2026 12:56:27**
**Dolores Hermelo Piñeiro na data 21/01/2026 12:56:34**
**Maria Magdalena Perez Millares na data 21/01/2026 12:56:40**
**Moisés Rodríguez Pérez na data 21/01/2026 12:56:48**
**Raúl Santamaría González na data 21/01/2026 12:56:56**
**Manuel Santos Costa na data 21/01/2026 12:57:03**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 12:59:00
Nº Rexistro: 47023
Data envio: 21/01/2026 12:59:00.040

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 12:59:01**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 13:01:20
Nº Rexistro: 47024
Data envio: 21/01/2026 13:01:20.770

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños** e **Montserrat Valcárcel Armesto**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre a ampliación de prazos relativos á presentación de declaracións e autoliquidacións e ao pagamento dos impostos aplicados pola Axencia Tributaria de Galiza derivados da Orde do 29 de agosto de 2025 da Consellaría de Facenda e Administración Pública ante a grave vaga de incendios que afectou o noso país.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Despois da grave crise social, ambiental e económica que supuxeron para Galiza os graves incendios de agosto de 2025 a Consellaría de Facenda e Administración Pública arbitrou distintas medidas. Entre elas, as recollidas na Orde do 29 de agosto de 2025 da Consellaría de Facenda e Administración Pública respecto da ampliación de prazos relativos á presentación de declaracións e autoliquidacións e ao pagamento dos impostos aplicados pola Axencia Tributaria de Galiza.

De acordo con esta orde ampliábanse ata o 30 de setembro prazos para a presentación de declaracións e autoliquidacións e para o pagamento dos impostos aplicados no ámbito da Axencia Tributaria de Galiza consistentes na presentación de declaracións, autoliquidacións e documentación complementaria, o ingreso da débeda tributaria autoliquidada e a presentación de solicitudes de prórroga para a presentación de autoliquidacións e documentación do imposto sobre sucesións, que non estivesen vencidos na data de inicio dos incendios producidos a partir do 28 de xullo de 2025 que provocaron a activación do Peifoga en situación 2.

Asinado o día 21/01/2026 ás 13:01
Por Montserrat Valcárcel Armesto
Asinado o día 21/01/2026 ás 13:00
Por Noa Presas Bergantiños
CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 13:01:20
Nº Rexistro: 47024
Data envio: 21/01/2026 13:01:20.770

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Tratándose dunha medida facilitadora das obrigas tributarias, que non exoneradora, a ampliación ata o 30 de setembro parece insuficiente, toda vez que a situación excepcional derivada dos incendios pode derivar en distintas dificultades para a súa tramitación, como é o acceso e localización de documentación. Por outra banda, para moitas persoas afectadas pode ser relativamente complexo acreditar esa situación toda vez que podemos falar de segundas residencias, residencias familiares que non coinciden co padrón da persoa que debe exercer a obriga, etc.

Coa finalización do período previsto é preciso avaliar o resultado desta medida e a necesidade ou non de ampliar a data prevista polo goberno galego.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Vai o goberno galego ampliar o prazo previsto na Orde do 29 de agosto pola que estendía até o 30 de setembro o prazo para declaracións e autoliquidacións e ao pagamento de determinados impostos aplicados pola ATRIGA a afectados e afectadas pola vaga de lumes de agosto?

Considera o goberno galego suficiente a ampliación feita ou valora ampliala?

Cantas persoas pediron esta ampliación?

Cantas empresas?

Considera que debería ter flexibilizado a acreditación de persoa afectada para contemplar posibles situacións nas que esa persoa non estaba empadroada no concello afectado?



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Valora estender medidas respecto deste tipo de declaracións, autoliquidacións e impostos máis alá de 2025? a través de que mecanismos e con que normativa?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 13:01:20
Nº Rexistro: 47024
Data envio: 21/01/2026 13:01:20.770

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 21/01/2026 13:00:55**

**Montserrat Valcárcel Armesto na data 21/01/2026 13:01:03**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 13:01:21**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 13:03:17
Nº Rexistro: 47025
Data envio: 21/01/2026 13:03:17.952

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 21/01/2 13:02
Por Carmela Gonzále

## Á Mesa do Parlamento

**Alexandra Fernández Gómez**, **Montserrat Prado Cores**, **Carmela González Iglesias** e **Brais Ruanova Vilas-Boas**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre o posible peche do Centro de Saúde Nicolás Peña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza trata de facer crer que a apertura do novo Centro Integral de Saúde Olimpia Valencia supón ampliar a infraestrutura sanitaria da cidade. Porén a apertura do novo centro implicaba a substitución do centro López Mora, e agora, ademais segundo informacións publicadas, podería agochar tamén o peche do centro Nicolás Peña xa que a Consellería vén de trasladar unha proposta para o traslado de todo o seu persoal ao novo CIS.

A pesar de que se recoñece que a Área Sanitaria carece de espazos sanitarios semella que a Xunta de Galiza segue parcheando e degradando a situación da sanidade viguesas a base de desprazar sanitarios e pechar centros en lugar de facer unha forte aposta por incrementar a rede asistencial.

Ademais o novo centro de saúde podería tamén supor o peche de servizos de pediatría, saúde bucodental, fisioterapia ou matrona doutros centros de saúde que se concentraría no novo CIS Olimpia Valencia.

A Xunta de Galiza sostiña até o de agora que o Nicolás Peña non se pecharía mais agora o goberno cuestiona os seus compromisos coa posición contraria por parte do persoal.

Asinado o día 21/01/2026 ás 13:02
Por María Montserrat Prado Cores

Asinado o día 21/01/2026 ás 13:02
Por Alexandra Fernández Gómez

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 13:03:17
Nº Rexistro: 47025
Data envío: 21/01/2026 13:03:17.952

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Vai o goberno galego a pechar o Centro de Saúde Nicolás Peña?

- Considera a Xunta de Galiza que a situación da rede asistencial viguesa pode soportar o peche dun centro de saúde?

- Que intencións ten a Xunta de Galiza respecto dos espazos que hoxe acollen o Centro de Saúde Nicolás Peña?

- Por que a Xunta de Galiza non procura a creación de novos espazos para acoller esas funcións?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 13:03:17
Nº Rexistro: 47025
Data envio: 21/01/2026 13:03:17.952

**Asinado dixitalmente por:**

**Alexandra Fernández Gómez na data 21/01/2026 13:02:12**

**María Montserrat Prado Cores na data 21/01/2026 13:02:19**

**Carmela González Iglesias na data 21/01/2026 13:02:29**

**Brais Ruanova Vilas-Boas na data 21/01/2026 13:02:36**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 13:03:17
Nº Rexistro: 47025
Data envio: 21/01/2026 13:03:17.952

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 13:03:19**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 13:05:21
Nº Rexistro: 47027
Data envio: 21/01/2026 13:05:21.311

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado o día 21/01/2 13:01
Por Daniel Castro Ga

Asinado o día 21/01/2026 ás 13:01
Por José Manuel Golpe Acuña

Asinado o día 21/01/2026 ás 13:01
Por Ramón Fernández Alfonzo

**Á Mesa do Parlamento**

**Ramón Fernández Alfonzo**, **Luis Bará Torres, Daniel Castro García** e **Xosé Manuel Golpe Acuña**, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre a falta de execución orzamentaria do proxecto de Vía de Alta Capacidade Ferrol-San Cibrao (VAC Costa Norte).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O proxecto de Vía de Alta Capacidade que debía unir Ferrol con San Cibrao pasando por Ortigueira (VAC Costa Norte) foi anunciado no ano 2001 polo Sr. Cuíña, na altura conselleiro de Obras públicas do goberno de Fraga, e debía estar rematado no ano 2007.

As obras comezaron no ano 2009 e a día de hoxe tan só están executadas as variantes de Ortigueira e Xove, unha porcentaxe ridícula do total do proxecto.

Os orzamentos da Axencia de infraestruturas da Xunta para o ano 2023 consignaban 4 millóns de euros especificamente para o tramo AG64-Sanguiñeira, no Concello de San Sadurniño, que a todas luces quedaron sen executar.

Os orzamentos do ano 2024 contiñan a mesma consignación, que correu idéntica sorte, e de novo no ano 2025 apareceron os xa esperados 4 millóns de euros para o tramo AG64-Sanguiñeira, que á vista de que aínda non se iniciou traballo ningún na zona quedarán tamén desta volta sen executar.

O proxecto da VAC, alén de comunicar as comarcas de Ferrol e A Mariña, é fundamental para conectar a comarca do Ortegal, unha das máis deprimidas económica e demograficamente da Galiza, e o atraso na execución das obras é sinalado



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

OFICINA PARLAMENTAR
**Parlamento de Galiza**
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unanimemente como unha das causas fundamentais da persistencia do declive deste territorio.

O denigrante comportamento da Xunta do Partido Popular coa comarca do Ortegal é tan inxustificado que as respostas dadas ás nosas preguntas sobre esta vital infraestrutura son totalmente ridículas e fora de lugar.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

1. Cal é o grao de execución actual do proxecto de Vía de Alta Capacidade Ferrol-San Cibrao?

2. Cal é o grao de execución das partidas comprometidas para este proxecto no orzamento do ano 2025?

3. Cal é a situación da problemática relacionada co Concello de Viveiro?

4. Cal é a situación do tramo AG64-SANGUIÑEIRA?

5. Cando prevé a Xunta de Galiza que será realidade a conexión Ferrol-Ortigueira?

6. Cando prevé a Xunta de Galiza que finalizará completamente o proxecto VAC Ferrol-San Cibrao?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 13:05:21
Nº Rexistro: 47027
Data envio: 21/01/2026 13:05:21.311

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 21/01/2026 13:01:43

José Manuel Golpe Acuña na data 21/01/2026 13:01:49

Daniel Castro García na data 21/01/2026 13:01:58

Luis Bará Torres na data 21/01/2026 13:02:08

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 13:05:21
Nº Rexistro: 47027
Data envio: 21/01/2026 13:05:21.311

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 13:05:22**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyI-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 13:08:26
Nº Rexistro: 47029
Data envio: 21/01/2026 13:08:26.855

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Alexandra Fernández Gómez, Carmela González Iglesias, Montserrat Prado Cores** e **Brais Ruanova Vilas-Boas**, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a necesidade de reformular o novo CIS Olimpia Valencia en Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza anunciou a apertura do novo Centro Integral de Saúde Olimpia Valencia como un fito na ampliación da infraestrutura sanitaria e un mecanismo para mellorar a situación de colapso da Atención Primaria na cidade de Vigo. Porén a realidade é que o novo centro non só vai levar aparellado a substitución do Centro de Saúde López Mora, como prometera a Xunta nos últimos anos; senón que a poucos meses da súa apertura a Consellería de Sanidade vén de dar a coñecer que, vinculado á apertura do novo CIS, vai executar o peche do Centro de Saúde Nicolás Peña.

Ademais do peche de 2 centros de saúde, algunhas das dotacións recollidas no Plan Funcional inicial como espazos de tratamento e sistemas integrados de imaxe médica, xa non se contemplan no novo programa. Por tanto, dende o punto de vista do déficit infraestrutural que padece a cidade, a apertura do novo centro xa non vai supor a ampliación de espazos anunciada nun inicio.

Mais a maior estafa ten a ver coa falla total de dotación de profesionais de nova contratación. A pretensión da Xunta é facer unha política unicamente de traslado de profesionais dende outros centros de saúde cara o novo CIS Olimpia Valencia. En total prevén trasladar 32 profesionais tanto do Centro de Saúde López Mora como do Nicolás



Asinado o día 21/01/2 13:07 Por María Montserrat
Asinado o día 21/01/2026 ás 13:07 Por Carmela González Iglesias
Asinado o día 21/01/2026 ás 13:07 Por Alexandra Fernández Gómez
CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0 Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Peña que pecharía aos que se sumarían 17 do Centro de Saúde Pintor Colmeiro, 22 do de Coia, 3 de Rúa Cuba, 1 de Rosalía e 2 de Beiramar. En total 105 profesionais que, supoñen un 20% menos da capacidade prevista. É dicir, o novo centro vai estar infradotado e nin tan sequera vai supor a incorporación de máis profesionais á rede asistencial da cidade, senón que se baleiran outros centros para dotar o novo.

Por se fose pouco, o novo CIS Olimpia Valencia pretende inaugurar un novo modelo de xestión na Atención Primaria que o único que persegue é a concentración da atención e de recursos en grandes centros, en lugar de soster unha rede capilar e de proximidade. Vémolo no feito de que o novo centro prevé non só integrar a actividade e a poboación dos dous centros que se pechan, senón tamén unha parte dos Centros de Saúde de Coia, Rúa Cuba, Rosalía de Castro e Beiramar e a totalidade da poboación pediátrica dos dous centros que pechan, máis a dos centros de Saúde de Colmeiro e Coia. Isto último é especialmente grave xa que impide a atención continuada dende a infancia até a adultez, a abordaxe familiar e a posibilidade dunha acción comunitaria eficaz.

Esta política de concentración en macrocentros é apenas unha aposta da Xunta do PP para poder seguir espremendo e recortando a Atención Primaria a costa de perder calidade na atención sanitaria. É por iso que a posta en marcha do novo CIS Olimpia Valencia está contando cun forte rexeitamento por parte dos profesionais sanitarios cos que a Xunta non está contando para definir o futuro do novo centro.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

- Vai a Xunta de Galiza reformular o novo CIS Olimpia Valencia de forma consensuada cos traballadores, procurando reforzar e mellorar a rede de atención primaria de Vigo?



CSV: BOPGDSPG-193prCQyI-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

- Por que a Xunta de Galiza se nega a contratar novo persoal para dotar o novo CIS Olimpia Valencia?

- Por que a Xunta de Galiza prevé contratar un 20% menos de profesionais do que permite a súa capacidade?

- Por que a Xunta de Galiza non mantén en funcionamento o Centro de Saúde Nicolás Peña, tal e como prometera e como reclaman os profesionais?

- Por que a Xunta de Galiza vai concentrar no novo CIS Olimpia Valencia a atención pediátrica de 4 Centros de Saúde?

- Considera que este modelo de concentración asistencial mellora a calidade asistencial?

- Como vai afectar estas medidas aos Centros de Saúde de Coia, Cuba, Beiramar e Rosalía?

- Considera a Xunta que segue vixente o Plan Funcional de 2019 ou ten unha nova planificación para a cidade de Vigo?

- Ten previsto trasladar máis profesionais desde outros centros de saúde para dotar o CIS Olimpia Valencia? Cales? Con que xustificación?

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 13:08:26
Nº Rexistro: 47029
Data envio: 21/01/2026 13:08:26.855

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 21/01/2026 13:07:11

Carmela González Iglesias na data 21/01/2026 13:07:20

María Montserrat Prado Cores na data 21/01/2026 13:07:28

Brais Ruanova Vilas-Boas na data 21/01/2026 13:07:41

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 13:08:26
Nº Rexistro: 47029
Data envio: 21/01/2026 13:08:26.855

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 13:08:28

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 13:13:59
Nº Rexistro: 47031
Data envio: 21/01/2026 13:13:59.683

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

**Á Mesa do Parlamento**

**Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández** e **Rosana Pérez Fernández**, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativas ás actuacións de transparencia e dación de contas que debe realizar a Xunta de Galiza após a imputación dun membro do goberno galego por presunta agresión sexual e os feitos concomitantes.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de xuño de 2025 pola tarde dimitía o ex conselleiro do mar, Alfonso Villares Bermúdez despois de que presuntamente o Tribunal Superior de Xustiza lle comunicara a súa imputación por un presunto delito de agresión sexual.

Esta situación, de extrema gravidade e sen precedentes, foi acompañada dunha serie de circunstancias e feitos concomitantes que deben ser adecuadamente fiscalizados. Así, hai distintas cuestións de falta de transparencia e información que deben ser aclaradas polo goberno galego, ademais de explicar e render contas dunha serie de afirmacións e falta de contundencia que corren o risco de contribuír negativamente á loita contra a violencia de xénero por rebaixar a gravidade da posibilidade dunha presunta agresión sexual que supón un tipo violencia de xénero segundo recolle a lexislación galega e estatal despois de décadas de loita do feminismo e dos movementos de mulleres.

Entre outras cuestións, o goberno galego debe aclarar e transparentar desde que momento exacto tiña coñecemento da denuncia por parte das institucións xudiciais. Así mesmo, ante a gravidade do feito de que se filtre a identidade da denunciante en paralelo á posta en coñecemento público por parte do acusado da situación e da comunicación a súa



Asinado o día 21/01/2 13:13 Por Rosana Pérez Fe
Asinado o día 21/01/2026 ás 13:13 Por Olalla Rodil Fernández
Asinado o día 21/01/2026 ás 13:13 Por Noa Presas Bergantiños
CSV: BOPGDSPG-193prCQyI-0
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/
166993

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 13:13:59
Nº Rexistro: 47031
Data envio: 21/01/2026 13:13:59.683

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO
GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

dimisión, é necesario depurar as responsabilidades da vulneración da confidencialidade e privacidade da vítima.

A actuación que o goberno, a representación política e as institucións galegas dean ante esta inédita situación é responsable de enviar unha mensaxe á sociedade galega que estea á altura das circunstancias, coa máxima transparencia e contundencia e demostrando que a loita contra a violencia de xénero en todas as súas formas é unha prioridade absoluta.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

Cal é o momento exacto no que a Xunta de Galiza tivo coñecemento da denuncia por presunta agresión sexual a Alfonso Villares Bermúdez?

É responsable a Xunta de Galiza directa ou indirectamente da filtración da identidade da denunciante de Alfonso Villares Bermúdez por un presunto delito de agresión sexual?

Indagou ou vai indagar a orixe desta filtración?

Considera o goberno galego que afirmar por parte de respresentantes institucionais a inocencia dun acusado de agresión sexual é apoiar ás vítimas?

Considera o goberno galego que o feito de que o Presidente da Xunta afirme a vontade de recuperar para a vida pública a un acusado de agresión sexual alimenta o discurso falso das denuncias falsas de violencia de xénero?

Que valoración fai o goberno galego da situación xerada ante a imputación dun membro do seu goberno por agresión sexual?



CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 13:13:59
Nº Rexistro: 47031
Data envio: 21/01/2026 13:13:59.683

GRUPO PARLAMENTARIO
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela. Galiza

Santiago de Compostela, á data da sinatura electrónica

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 13:13:59
Nº Rexistro: 47031
Data envio: 21/01/2026 13:13:59.683

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 21/01/2026 13:13:33

Olalla Rodil Fernández na data 21/01/2026 13:13:39

Rosana Pérez Fernández na data 21/01/2026 13:13:47

CSV: BOPGDSPG-193prCQyI-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 21/01/2026 13:13:59
Nº Rexistro: 47031
Data envio: 21/01/2026 13:13:59.683

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 21/01/2026 13:14:00**

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
**PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25
Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG-193prCQyl-0
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/